



Máis información:



e nos sitios web: www.museolugo.org e <https://benchoshey.wordpress.com>



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

BENCHOSHEY

50

anos de
maxisterio
cultural
1918-1968



**XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA
(BEN-CHO-SHEY)
(Ourense, 1896-Madrid, 1988)**

Pedagogo, inspector de Ensino, xornalista, etnógrafo, arqueólogo, historiador, poeta, folclorista, narrador, lingüista, político comprometido co galeguismo dende a mocidade, republicano e antifascista. Membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista (do que foi presidente en Lugo); figura ponte entre a Xeración Nós e as xeracións posteriores; intrépido promotor e defensor da fala; mentor e guía da mocidade galega en Madrid, nos anos 60 e 70 do século pasado; mestre, nas aulas e na vida; MESTRE no mellor e máis amplo sentido da palabra. Todo iso foi Ben-Cho-Shey. pero a todo iso non podemos reducir o enorme legado que nos transmitiu aos galegos, pois como deixou escrito Ánxel Fole: "Nos seus labres o tema da Galiza era inesgotábel".

Ademais, e por riba de todo, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, foi un home xeneroso e bo; a súa bondade era paradigmática e sobre esa virtude súa podemos recoller centos de testemuños das persoas que o trataron e que sempre obtiveron del aquilo que lle pediron. Acudimos de novo ás verbas de Fole, porque describen, con claridade fulgurante, esas dúas calidades: o seu maxisterio e a súa bondade. Fole lembra os anos lugueses de BCS e dinos: "Das conversas con Ben-Cho-Shey

tódolos rapaces saían máis afincados nos seus sentimentos de galeguistas. O seu maxisterio, a iste respeito, non puido ser máis facedeiro. Sempre convencia e anortaba. Todos os que o tratábamos contábamolo entre os *galeguistas cen por cen*. E todos convíñamos na crencia de que non era doado batir cun home tan bondadoso."

Xosé Ramón e Fernández-Oxea naceu en Ourense, en 1896, e finou en Madrid, en 1988. O seu pai era Pío Ramón, prestixioso mestre ourensán, amigo de Otero Pedrayo, como dá testemuño o *Libro dos amigos* de Otero Pedrayo e deputado provincial en Ourense, nos anos 35 e 36, polo Partido Galeguista. Moi novo, comezou a publicar contos e artigos no xornal fundado por Lamas Carvajal *O Tío Marcos da Portela*, co pseudónimo de Xan Fouciño. O bo alcume de Ben-Cho-Shey, co que sería xa para sempre coñecido, comezou a usalo en 1921 para asinar as crónicas que mandaba a *La Zarpa*, dende Marrocos; e de alí en diante usouno sempre. Sendo mestre de primeira ensinanza, obtivo unha bolsa das catro deputacións galegas para mellorar a súa formación pedagóxica nunha estadia en Francia e Bélxica, en 1928. Colaborou nalgunhas das máis prestixiosas publicacións e xornais daquela época: *Nós, Cêltiga, A Nosa Terra, Galicia, A Fouce, Heraldo Orensano, El pueblo gallego...*

Cando chegou a Lugo, en 1935, no seu primeiro destino despois de

aprobar as oposicións de inspector de ensino, xa tiña unha consolidada posición como intelectual e centos de traballos publicados sobre os máis diversos temas, nas cabeceiras citadas e noutras moitas, tanto de creación literaria como de historia, arte, etnografía, política... Tiña realizado tamén o seu monumental traballo sobre a parroquia de Santa Marta de Moreiras, na que fora mestre, probablemente a súa obra cume, que non viu a luz ata o ano 1969, da man das Edicións Castrelos e participara activamente tamén en case todos os traballos colectivos do Seminario de Estudos Galegos.

Establecido en Lugo, continua a súa actividade cultural e de divulgación e entrégase, segundo se pode comprobar na correspondencia que mantén neses anos, a unha intensa actividade política, na organización local do Partido Galeguista do que é elixido presidente e conselleiro do Consello Nacional, en representación da zona de Lugo. Servando Gómez Aller era o secretario local e Ánxel Fole era o secretario de zona. É candidato polo Partido nas eleccións ás Cortes de febreiro do 36 e participa activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía, nos meses anteriores ao plebiscito do 28 de xuño de 1936.

A alegría da aprobación do Estatuto durou pouco. O 18 de xullo do 36, Ben-Cho-Shey está en Lugo e escribe un diario que abrangue dende o



día 19 de xullo ao 21 de agosto, un testemuño lúcido e trágico daqueles momentos de terror feroz, coma el di nunha páxina solta deste diario, escrita probablemente algo máis tarde, no ano 37: "Dende que estas bestas se apoderaron violentamente do mando comenzou o imperio da inxustiza, do horror, do desbaraxuste, do latrocinio e de toda-las calamidás imaxinables".

Ben-Cho-Shey sae de Lugo no verán do 1937, destinado forzosamente a

Cáceres, despois dun expediente de depuración que lle supón, como mal menor, unha suspensión de emprego e soldo e o seu desterro. Antes da marcha, ten que deixar precipitadamente os mobles da súa casa de Lugo no domicilio dos seus amigos, do Val do Incio, Maruxa Domínguez e Uxío Campo. En Extremadura, desenvolverá tamén un interesante traballo cultural, nos eidos da investigación arqueolóxica e etnográfica, ata o punto de que o Museo de Cáceres lle dedicou unha sala. E dende alí e

dende Madrid, segue a traballar na reorganización do Partido Galeguista no que militará ata a súa liquidación.

Ramón e Fernández-Oxea fixou a súa residencia definitivamente en Madrid, nos anos 50, aínda que xa instalara nesa cidade, coa súa dona Isabel Algarra, o seu domicilio familiar a partir de 1942. Dende alí exerceu un importante labor cultural: foi representante da editora Galaxia e directivo do Centro Galego de Madrid, ademais de

membro correspondente de diferentes sociedades e academias, entre elas, a Real Academia Galega e a Real Academia da Historia. Un dos aspectos máis destacados de Ben-Cho-Shey, nesta etapa, é o seu papel de fío condutor entre a xeración de vellos galeguistas e os nacionalistas máis novos (os grupos Castelao e Brais Pinto, a Asociación de Amigos da Unesco...).

Dentro da súa faceta literaria, cultivou tanto a prosa como o verso en obras como: *Berzas* (1953), *Andrómenas* (1954), *A ducia do Frade* (1966) e *Contos do Fiadeiro* (1973). O libro homenaxe *Galicia no corazón* (1977), coordinado polos profesores Alonso Montero e Alonso Estravís, recolle unha interesantísima escolma dos seus textos xornalísticos.

Morre en Madrid, en 1988, poucos días despois do falecemento da súa muller, Isabel Algarra. As súas cinzas foron depositadas no cemiterio da San Francisco, en Ourense.

O ANO BEN-CHO-SHEY

O Ano Ben-Cho-Shey é unha aposta da Área de Cultura da Deputación de Lugo pola recuperación da memoria histórica que servirá para facer un percorrido pola actividade política e cultural de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, especialmente entre os anos 1935-1937, nos que residiu en Lugo. As actividades encadradas no *Ano Ben-Cho-Shey* véñense desenvolvendo dende o mes de xuño do ano 2012

e terán continuidade ao longo do primeiro semestre do 2013, coincidindo co 75 aniversario do seu desterro a Extremadura dende a cidade de Lugo.

A EXPOSICIÓN

Iníciase cunha recreación da campaña a favor do Estatuto de Autonomía de 1936, baseada na documentación gráfica e os testemuños escritos daquel momento, fundamentalmente nas fotos tomadas por Ben-Cho-Shey na cidade de Lugo e en distintas localidades da provincia.

A mostra estruturase en 4 apartados:

- 1| *Fotobiografía*: un percorrido cronolóxico pola vida de Ben-Cho-Shey con máis dun cento de fotografías e ilustracións.
- 2| *Andar e aguzar. Os traballos e os días de Ben-cho-Shey*: As distintas vertentes do seu labor como polígrafo, cunha ampla información gráfica, bibliográfica e documental (o escritor, o xornalista, o etnógrafo, o arqueólogo, o político...).
- 3| *O Partido Galeguista en Lugo 1931-1936*. A constitución do Partido Galeguista en Lugo e o seu avance e consolidación na etapa en que Ben-Cho-Shey preside o Grupo local. Documentos inéditos: *O Diario de Lugo* de 1936, correspondencia co Comité Executivo do Partido, con militantes de distintas localidades, carta de Ben-Sho-Shey a Castelao dende Lugo, propaganda política

original da época e varios documentos gardados, nun arquivo clandestino, polo secretario do Grupo local de Chantada, Leonardo Fernández Souto.

4| *Sociedade e cultura en Lugo 1918-1968*. Unha cronoloxía da vida social e cultural de Lugo, nos 50 anos claves da traxectoria vital e intelectual de Ben-Cho-Shey, acoutada por dous anos simbólicos: o 1918, no que se celebra en Lugo a Asemblea Nacionalista, auspiciada polas Irmandades das Fala, e o 1968, ano de efervescencia política e cultural, no que Ben-Cho-Shey declara no TOP (Tribunal de Orde Pública) a favor de tres mozos lucenses detidos en Madrid a finais do ano anterior, pola campaña "Libertade pra Galicia".

Lugar da exposición

Sala de Exposicións Temporais do Museo Provincial de Lugo Praza da Soidade, 7 / Lugo

Datas da exposición

Do 14 de febreiro de 2013 ao 20 de maio de 2013

Nota: A maior parte da documentación orixinal presente na exposición, así como da documentación gráfica reproducida nos seus contidos foi cedida pola Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, que conserva entre os seus fondos o Arquivo Ben-Cho-Shey.